

Un mar inmaterial

Dos métodos para afogar un cisne



RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO

Durante moitos anos Serxio Iglesias forma parte do colectivo poético *Ronseltz*, grupo transgresor e sumamente orixinal, produto dos oitenta, que tras publicar o libro *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* en Edicións Positivas, “decidiu disolverse amigablemente por non reunir os requisitos de Peterson para constituír unha xeración”. Despois da ruptura, os membros do grupo botaron a andar por distintos roteiros. Transcorridos case oito anos daquela primeira andaina, Serxio Iglesias volve a publicar novamente, pero agora en solitario, na colección “Di-Vérsos” da mesma editora, o seu primeiro poemario titulado *Métodos para afogar un cisne*.

Hai neste último libro de Serxio Iglesias un traballo previo de elaboración, ou mellor diríamos de concatenación de ideas e imaxes, que o autor aproveita e sintetiza ao máximo para chegar á que el considera a verdadeira esencia da poesía. Así pois, entre os anos 1998 e 2001 participa na mostra “¡Ollo ao lixo!”, organizada por ADEGA para concienciar e sensibilizar á poboación sobre a problemática do lixo en Galiza, cunha obra elaborada a partir de materiais atopados na praia do Rostro en Fisterra, que terá por título *Bramidos nus nos buratos das esponxas*. Concepto que vai recuperar neste novo libro en repetidas ocasións. Como tamén recuperará o poema titulado “Everybody Hurts” publicado polo Batallón Literario da Costa da Morte nunha antoloxía titulada *Nós*.

Este aproveitamento non responde á elaboración artificiosa tan afastada da súa poesía, senón que perseque mais ben esa continuidade nun rumbo determinado, esa traxectoria decidida con anterioridade, que será a que irá consolidando o seu propio camiño e a súa propia voz. De feito, Serxio entende a creación case como unha posesión demoníaca. Déixase levar polo impulso e os primeiros versos ás veces parecen saír da nada. Así e todo terá que madurar logo esa primeira imaxe para acadar un resultado final satisfactorio.



En *Métodos para afogar un cisne* hai un pasado errante e turbulento de droga, alcol e sexo extremo que bate con forza nas rochas da memoria, un pasado que aflora por momentos nos versos nostálgicos e melancólicos dun mar inmaterial.

Serxio Iglesias naceu na diáspora, pero axiña regresou a Galiza, pois as súas raíces maternas están en Casanova, unha viliña do Concello de Muxía, na parroquia de San Cibrán de Vilastose, no mesmo corazón da Costa da Morte. Esta peculiar paisaxe vai a deixar unha fonda pegada na súa obra e será determinante á hora de entender a súa poesía. Poesía na que se percebe ademais do eterno mar omnipresente, a atmosfera tópica galega de chuva e terra mesturadas con reminiscencias mitolóxicas.

A vinculación entre Santiago de Compostela, Fisterra e monte Pindo está clara, como tamén está clara a forte influencia que este eixo imaxinario terá na súa vida e a posteriori na súa obra.

Nunha primeira lectura, algúns dos poemas de *Métodos para afogar un cisne* poden parecer moi innovadores pero un tanto herméticos. Sen embargo, como eles mesmos dixeron cando eran unha soa voz no colectivo poético *Ronseltz*: “E se os nosos versos / vos parecen herméticos / ¡Hai abrelatas!”

IGLESIAS, Serxio, *Métodos para afogar un cisne*, Edicións Positivas, Santiago, 2002, 60 páxinas.